



SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 24 DE XULLO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 10:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

M^a del Carmen Fuentes Rios

M^a del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela

Cristina Castro Pampín

Jesús Gómez Camino

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS: Ningunha

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Olga Castro Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 15/06/2019

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 15/06/2019.

O concelleiro Xoán Xesús Carril Ramos indica que están dacordo no seu grupo coa aprobación da acta de dita sesión, pero quixeran que constase toda a información sobre bens mobles do inventario de bens municipais que se engadan a acta ou se de conta deles na primeira sesión que o Pleno celebre, rogando a actualización do inventario que está así dende o 2015.

O alcalde dálle a palabra a secretaria que sinala que a información do inventario detallada está a disposición de todos os concelleiros na Secretaría municipal.

Sen mais intervencións por unanimidade con 13 de votos a favor de todos os concelleiros/as presentes, polo Pleno aprobouse a acta de 15/06/2019.

2. - DACION DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DOS SEUS INTEGRANTES E VOCEIROS

A secretaria da conta dos escritos presentados para a constitución dos grupos municipais tal como segue:

*Escrito presentado por **Alternativa por Arzúa**, rexistrado de entrada o día 20 de xuño de 2019 co número 1780, no cal consta literalmente o seguinte:

“JOSE LUIS GARCÍA LÓPEZ, con DNI 33268864P en representación de Alternativa por Arzúa COMUNICO:

A constitución do grupo municipal de Alternativa por Arzúa integrada polos seguintes integrantes:

- José Luis García López*
- Miguel Angel Vallo Camba*
- Mª del Carmen Fuentes Ríos*
- Mª del Carmen Torreiro González*
- Manuel Rodríguez Santos*
- Aurora Varela Duro*

Fago constar tamén a designación de:

María del Carmen Fuentes Ríos, como voceira

Aurora Varela Duro como voceira suplente”.



*Escrito presentado polo **Partido Popular**, rexistrado de entrada o día 19 de xuño de 2019 co número 1.760, no cal consta literalmente o seguinte:

"En Arzúa, a 19 de xuño de 2019-

Eu, Rafael Rivadulla Varela, con DNI nº 53163244D, e domicilio en rúa Santiago, 53, 2º B, 15810 Arzúa, en representación do Partido Popular de Arzúa, COMUNICO:

Que tras a constitución da nova corporación municipal do Concello de Arzúa o pasado día 15 de maio, e dentro do prazo dos 5 días hábiles seguinte,s en nome do partido político ao que represento, que os membros que compoñen o Partido Popular de Arzúa, son as seguintes persoas:

- Rafael Rivadulla Varela- 53163244D (Voceiro)
- Cristina Castro Pampín- 44817891E (Suplente)
- Jesús Gómez Camino- 44815914T"

*Escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego, rexistrado de entrada o día 18 de xuño de 2019 co número 1741, no que consta literalmente o seguinte:

"Xoan Xesús Carril Ramos e Lucía López Sobrado en calidade de persoas concelleiras electas do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do artigo 75 da Lei de Administración Local de Galiza, comparecen e DIN:

-Que comunican a constitución o GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, así como a súa interacción nese grupo municipal.

Así mesmo fan constar que designan como voceiro a

XOAN XESÚS CARRIL RAMOS

e como voceira suplente a

LUCIA LÓPEZ SOBRADO".

Pola secretaria indícase que en aplicación do Regulamento orgánico municipal (artigo 16) así como a Lei de Administración Local de Galicia intégranse no grupo mixto aqueles partidos políticos que no obtiveran un mínimo de dous concelleiros nas eleccións locais; polo que o Sr. García Vázquez de Compromiso por Galicia e a Sra. Balado Conde (única concelleira electa polo PsdG-PSOE), quedan integrados no **grupo mixto**.

Tras todo o exposto os trece membros danse por enterados.

3.- PROPOSTA PERIODICIDADE SESIÓNS DO PLENO

A secretaria da lectura a proposta do alcalde relacinada con este punto da orde do día tal como segue:



“PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

Ante o pronunciamento que a Corporación Municipal adoptará sobre a fixación da periodicidade das sesións do Pleno, en cumprimento do disposto no apartado a) do artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Esta Alcaldía formula como **PROPOSTA**, ao abeiro do disposto no artigo 46 nº 2 letra a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 210 nº 2 letra a) da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

PRIMEIRO.- Que as sesións ordinarias do Pleno se celebren con carácter bimestral.

SEGUNDO.- Que estas sesións se celebren os últimos xoves de cada mes par, ás vinte horas, a partir do vindeiro mes de agosto.

TERCEIRO.- Que, por razóns de oportunidade e eficacia administrativa, poderase adiantar ou retrasar –excepcionalmente- a celebración destas sesións en catro ou cinco días, para que haxa unha marxe de tempo suficiente, co obxecto de preparar a documentación dalgún dos asuntos que vaian a ser tratados en ditas sesións, cando existan uns prazos limitados para remitir esa documentación, co obxecto de non ter que celebrar poucos días despois a sesión ordinaria correspondente a ese mes par.

CUARTO.- Que as sesións extraordinarias se celebren de conformidade coas previsións contidas ao efecto nas citadas leis, cando o requira a conveniencia ou a urxencia dos asuntos a tratar.

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións dándolle a palabra ao:

*Sr. Carril Ramos (do BNG) o cal indica:

- Que queren cuestionar a convocatoria deste Pleno para as 10.00 h, porque enteden que é un Pleno moi importante e puido ser convocado, salvo explicación, no horario que se poñen os demais plenos.
- Que non foron requiridos polo grupo de goberno para ningún contacto sobre os temas que se van tratar hoxe, estaría ben que fosen consensuados entre todos os grupos. Van votar a favor desta proposta, aínda que no punto TERCEIRO da mesma índicase “que por razóns de oportunidade e eficacia administrativa, pódese adiantar ou retrasar -excepcionalmente- a celebracións destas sesións...”, pide que eso non sexa a forma habitual, están de acordo con que se adiante ou retrase un Pleno en determinados momentos, pero que esa non sexa o habitual, e sempre que se argumente o cambio de data.

*Sr. Rivadulla Varela (do PP) manifesta:

- Que coincide co voceiro do BNG no tema da tardanza desta convocatoria e no



horario do Pleno de hoxe.

- Que en canto a frecuencia dos Plenos preferiamos que se celebrasen cada mes, sería algo positivo non só para os que están no goberno, senón tamén para os que están na oposición e sobre todo en concellos deste tamaño é relativamente habitual, e neste concello xa se teñen celebrado os Plenos mensualmente. Se os plenos se celebraran mensualmente para as arcas municipais o custo suporía o mesmo, porque cobrariase a metade.
- Que están de acordo co día da semana proposto para a celebración dos plenos (xoves) e co horario, pero non coa periodicidade, polo tanto van votar en contra.

Intervén o alcalde para manifestar:

- Que cremos que é mellor celebrar o xoves os pleno en non o venres, por se unha persoa quere ir de viaxe ou fin de semana o poida facer.
- Que en canto ao que indica o Sr. Carril Ramos de que non sexa fomar habitual de obrar de que se adianten ou retrasen os Plenos, este mesmo punto xa se propuxo tamén na lexislatura anterior, e utilizouse cando fixo falta, cando había que preparar documentación para subvencións, etc..
- Que se valorara a posibilidade de facer os plenos mensualmente, pero ao final optouse para facelos bimensualmente que é o que se vén facendo este anos, porque houbo varios plenos ordinarios que a orde do día do pleno era só aprobación da acta anterior e rogos e preguntas, e tampouco hai problema en facer un pleno extraordinario en momento concretos.

Intervén o Sr. Carril Ramos (do BNG) para manifestar a súa estrañeza de que non estea presente a radio municipal, dado que este Pleno estase celebrando en horario laboral de funcionamento da radio e ultimamente os plenos estábanse retransmitido as 20.00 hors fora do seu horario. Pensa que este pleno debería ser transmitido pola radio local.

Contesta o alcalde:

- Que non debería haber queixa no funcionamento da radio municipal, dende que el está no goberno utilizan mais a radio local os partidos da oposición ca él.
- Que non esta a radio municipal hoxe por un problema técnico cos altavoces.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con 10 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, 1 do concelleiro de CxG, e 1 da concelleira do PsdeG-PSOE) e con tres votos en



contra dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, o Pleno municipal acordou:

PRIMEIRO.- Que as sesións ordinarias do Pleno se celebren con carácter bimestral.

SEGUNDO.- Que estas sesións se celebren os últimos xoves de cada mes par, ás vinte horas, a partir do vindeiro mes de agosto.

TERCEIRO.- Que, por razóns de oportunidade e eficacia administrativa, poderase adiantar ou retrasar –excepcionalmente- a celebración destas sesións en catro ou cinco días, para que haxa unha marxe de tempo suficiente, co obxecto de preparar a documentación dalgún dos asuntos que vaian a ser tratados en ditas sesións, cando existan uns prazos limitados para remitir esa documentación, co obxecto de non ter que celebrar poucos días despois a sesión ordinaria correspondente a ese mes par.

CUARTO.- Que as sesións extraordinarias se celebren de conformidade coas previsións contidas ao efecto nas citadas leis, cando o requira a conveniencia ou a urxencia dos asuntos a tratar.

4.- PROPOSTA, CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

A secretaria da lectrúa a proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día, tal como segue:

“CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Establecido o carácter preceptivo das Comisións Informativas pola Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos municipios de máis de 5.000 habitantes; tendo os informes destas Comisións valor non vinculante para as decisións que adopte o Pleno ou a Xunta de Goberno Local.

Considerando:

a) *Que estas Comisións Informativas deberían crearse con carácter permanente, para levar a cabo o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deberán someterse á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, e*

b) *Que todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditas Comisións Informativas, en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.*

*Esta Alcaldía formula como **PROPOSTA** de actuación pola Corporación Municipal, con respecto ao pronunciamento que deberá adoptarse sobre a creación das Comisións Informativas neste Concello:*

PRIMEIRO.- *Concretar que a Comisión Especial de Contas, -ademais de actuar como*

comisión informativa permanente para o exame, estudo e informe de todas as contas desta entidade local- poida actuar tamén como Comisión permanente para o estudo, informe ou consulta dos asuntos relativos á economía desta entidade local; pasando a ser nomeada como "Comisión de Contas e de Economía e Facenda".

Dita comisión quedará integrada por: tres concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, dous concelleiros do grupo político do Partido Popular un concelleiro do BNG e un concelleiro do grupo mixto.

Formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, no seguinte sentido:

- 1.- María del Carmen Fuentes Ríos
- 2.- María del Carmen Torreiro González.
- 3.- Manuel Rodríguez Santos

E como suplentes, de cada un dos citados titulares, os restantes concelleiros de dito grupo político, polo orde con que figuraron na candidatura presentada nas Eleccións Locais do día 26 de maio de 2019.

Segundo. - A creación dunha Comisión informativa de carácter permanente, para o estudo, informe ou consulta dos restantes asuntos que deban ser sometidos á consideración do Pleno, así como para o seguimento da xestión municipal, coa denominación de "Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno e para control da xestión municipal".

Dita comisión quedará integrada por: tres concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, dous concelleiros do grupo político do Partido Popular un concelleiro do BNG e un concelleiro do grupo mixto.

Formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, no seguinte sentido:

- 1.- Miguel Angel Vallo Camba.
- 2- María del Carmen Torreiro González.
- 3.- Aurora Varela Duro.

E como suplentes, de cada un dos citados titulares, os restantes concelleiros de dito grupo político, polo orde con que figuraron na candidatura presentada nas Eleccións Locais do día 26 de maio de 2019.

TERCEIRO. - Que a adscrición de concelleiros de cada grupo político a estas dúas comisións, sexa realizada: ou ben, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de tres días hábiles, a partir do día seguinte ao da celebración da sesión plenaria na que se trate da constitución de tales comisións; ou ben, no memo acto de celebración da sesión plenaria na que se trate sobre esta proposta.

De maneira que se a adscrición de concelleiros se realiza no prazo dos tres días seguintes, darase conta ao Pleno do escrito correspondente na primeira sesión que celebre; sen prexuízo de que poidan actuar xa os concelleiros designados, como membros destas dúas comisións informativas, desde o momento en que transcurra aquel prazo de tres días.

CUARTO. - Que, para o suposto de que se designen concelleiros suplentes, se acepte que o concelleiro suplente -que asista ás reunións de cada unha das Comisións creadas- o faga sen necesidade de previa citación, sempre que manifieste que o fai en substitución do titular e



expoñendo o motivo polo cal este non puido asistir, evitándose así o ter que citar tamén a dito suplente coas corenta e oito horas de antelación correspondentes.

QUINTO. - *Que a presidencia efectiva de cada unha das dúas comisións informativas creadas, delegarase, por este alcalde a favor dun dos integrantes de ditas dúas comisións informativas que reuna a condición de ser membro da Xunta de Goberno Local:*

E iso, por canto que o artigo 42 nº 5 do Regulamento Orgánico Municipal dispón que as Comisións informativas "serán presididas por el alcalde, pudiendo delegar la presidencia en cualquier miembro de la Junta de Gobierno Local"

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións, dándolle a palabra a:

* Xoan Xesús Carril Ramos (do BNG) o cal indica que esta de acordo coa proposta da alcaldía, formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político do Bloque Nacionalista Galego no seguinte sentido:

Para a Comisión informativa para Asuntos do Pleno e para control da xestión municipal:

Titular: Lucía López Sobrado

Suplente: Xoan Xesús Carril Ramos

Para a Comisión especial de contas:

Titular: Xoan Xesús Carril Ramos

Suplente: Lucía López Sobrado

*Rafael Rivadulla Varela, indica que as adscricións dos concelleiros do grupo do Partido Popular sería as seguintes:

Para a Comisión informativa para Asuntos do Pleno e para Control da xestión municipal:

Titulares: Rafael Rivadulla Varela e Jesús Gómez Camino

Suplente: Cristina Castro Pampín.

Para a Comisión especial de contas:

Titulares: Rafael Rivadulla Varela e Cristina Castro Pampín

Suplente: Jesús Gómez Camino

Sen mais intervencións por unanimidade, con 13 votos a favor (6 dos concellos/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 3 votos a favor dos concelleiros/ as do grupo municipal do PP, 2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, 1 do concelleiro de CXG, e 1 da concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE) o Pleno municipal ACORDOU:

PRIMEIRO. - *Concretar que a Comisión Especial de Contas, -ademais de actuar como comisión informativa permanente para o exame, estudo e informe de todas as contas desta entidade local- poida actuar tamén como Comisión permanente para o estudo, informe ou consulta dos asuntos relativos á economía desta entidade local;*

pasando a ser nomeada como "**Comisión de Contas e de Economía e Facenda**".

Dita comisión quedará integrada por: tres concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, dous concelleiros do grupo político do Partido Popular un concelleiro do BNG e un concelleiro do grupo mixto.

Formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, no seguinte sentido:

- 1.- María del Carmen Fuentes Ríos
- 2.- María del Carmen Torreiro González.
- 3.- Manuel Rodríguez Santos

E como suplentes, de cada un dos citados titulares, os restantes concelleiros de dito grupo político, polo orde con que figuraron na candidatura presentada nas Eleccións Locais do día 26 de maio de 2019.

Segundo. - *A creación dunha Comisión informativa de carácter permanente, para o estudo, informe ou consulta dos restantes asuntos que deban ser sometidos á consideración do Pleno, así como para o seguimento da xestión municipal, coa denominación de "Comisión informativa para determinados asuntos do Pleno e para control da xestión municipal".*

Dita comisión quedará integrada por: tres concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, dous concelleiros do grupo político do Partido Popular un concelleiro do BNG e un concelleiro do grupo mixto.

Formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa, no seguinte sentido:

- 1.- Miguel Angel Vallo Camba.
- 2- María del Carmen Torreiro González.
- 3.- Aurora Varela Duro.

E como suplentes, de cada un dos citados titulares, os restantes concelleiros de dito grupo político, polo orde con que figuraron na candidatura presentada nas Eleccións Locais do día 26 de maio de 2019.

TERCEIRO. - *Que a adscrición de concelleiros de cada grupo político a estas dúas comisións, sexa realizada: ou ben, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de tres días hábiles, a partir do día seguinte ao da celebración da sesión plenaria na que se trate da constitución de tales comisións; ou ben, no memo acto de celebración da sesión plenaria na que se trate sobre esta proposta.*

De maneira que se a adscrición de concelleiros se realiza no prazo dos tres días seguintes, darás conta ao Pleno do escrito correspondente na primeira sesión que celebre; sen prexuízo de que poidan actuar xa os concelleiros designados, como membros destas dúas comisións informativas, desde o momento en que transcurra aquel prazo de tres días.



Formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político do Bloque Nacionalista Galego no seguinte sentido:

Para a Comisión informativa para Asuntos do Pleno e para control da xestión municipal:

Titular: Lucía López Sobrado
Suplente: Xoan Xesús Carril Ramos

Para a Comisión especial de contas:

Titular: Xoan Xesús Carril Ramos
Suplente: Lucía López Sobrado

Formulando agora a adscrición dos concelleiros do grupo político do Partido Popular no seguinte sentido:

Para a Comisión informativa para Asuntos do Pleno e para Control da xestión municipal:

Titulares: Rafael Rivadulla Varela e Jesús Gómez Camino
Suplente: Cristina Castro Pampín.

Para a Comisión especial de contas:

Titulares: Rafael Rivadulla Varela e Cristina Castro Pampín
Suplente: Jesús Gómez Camino

CUARTO.- *Que, para o suposto de que se designen concelleiros suplentes, se acepte que o concelleiro suplente -que asista ás reunións de cada unha das Comisións creadas- o faga sen necesidade de previa citación, sempre que manifeste que o fai en substitución do titular e expoñendo o motivo polo cal este non puido asistir, evitándose así o ter que citar tamén a dito suplente coas corenta e oito horas de antelación correspondentes.*

QUINTO.- *Que a presidencia efectiva de cada unha das dúas comisións informativas creadas, delegarase, por este alcalde a favor dun dos integrantes de ditas dúas comisións informativas que reuna a condición de ser membro da Xunta de Goberno Local:*

E iso, por canto que o artigo 42 nº 5 do Regulamento Orgánico Municipal dispón que as Comisións informativas “serán presididas por el alcalde, pudiendo delegar la presidencia en cualquier miembro de la Junta de Gobierno Local.

5.- PROPOSTA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS.

A secretaria da lectura a proposta do alcalde relacionado con este punto da orde do día, tal como segue:

“Designación de representante na Mancomunidad de Concellos Galegos do Camiño Francés.

Sendo necesario que o presidente da mancomunidad de Concellos Galegos do Camiño



Francés coñeza quen asumirá a representación deste concello en dita mancomunidade. E

Resultando que o artigo 10º (titulado: **Renovación**) dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés establece que “*como consecuencia da renovación das corporacións locais, derivada das sucesivas eleccións municipais, todos os órganos da mancomunidade (pleno, presidencia, vicepresidencia, comisión de goberno e comisión de contas) que deban ser renovados serán elixidos ou, se é o caso, designados polo órgano a que estatutariamente corresponde esa competencia, no prazo dos corenta e cinco días seguintes ao da constitución das respectivas corporacións locais*”.

Resultando que no artigo 6º (titulado: **Do Pleno**) de ditos estatutos, dispense:

a) Que “*No Pleno estarán representados todos os municipios mancomunados, correspondendo aos concellos respectivos elixir, de entre os seus membros corporativos, os vogais que deban representalos na mancomunidade*”

b) Que “*cada municipio elixirá un vogal para integrar os órganos de goberno da mancomunidade, mediante acordo plenario.*”

c) Que “*o mandato dos vogais membros do Pleno extinguirase ao cesar o cargo municipal que lexitimou a posibilidade da súa elección, ou ben porque así o acorde o seu respectivo Concello*”.

Tras informar que a representación dos Concellos na citada mancomunidade viñeron ostentándoa os respectivos alcaldes.

Propoño que o Pleno **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Designar ao alcalde Don José Luis García López para representar a este Concello na mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.

SEGUNDO.- Dar traslado dunha certificación deste acordo ao presidente de dita mancomunidade, aos efectos indicados nos artigos 10º e 6º dos Estatutos da citada mancomunidade.”

Con 10 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, 1 do concelleiro de Compromiso por Galicia e 1 da concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE) e con 3 abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP , o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Designar ao alcalde Don José Luis García López para representar a este Concello na mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.

SEGUNDO.- Dar traslado dunha certificación deste acordo ao presidente de dita mancomunidade, aos efectos indicados nos artigos 10º e 6º dos Estatutos da citada mancomunidade.

6.- DACION DE CONTA DA DESIGNACION DE REPRESENTANTES NOS



CONSELLOS ESCOLARES E NA COMISIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO DA CIDADE E CAMIÑO DE SANTIAGO.

A secretaria da lectura do decreto nº 494 de data 19/07/2019 polo que se designan representantes nos Consellos escolares e na Comisión de Patrimonio histórico, tal como segue:

“Descrición Decreto: DESIGNACIÓN REPRESENTANTES NOS CONSELLOS ESCOLARES E NA COMISIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Co obxecto de dar cumprimento á previsión contida no artigo 38 letra c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

E considerando que sería competencia do Alcalde o nomeamento dos representantes desta Corporación Municipal nos órganos colexiados que a continuación se indican:

- * Os Consellos Escolares dos Centros docentes radicados neste municipio, así como do Conservatorio de música e da Escola infantil, e
- * A Comisión de Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago.

Facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21 nº 1 letra s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local, en relación co su artigo 1 nº 1 letra a), polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Considerar convinte efectuar as seguintes designacións de representantes da Corporación Municipal, en ditos órganos colexiados:

- Para o Consello Escolar do Colexio Público de Educación Infantil e Primaria.- A Miguel Vallo Camba.
- Para o Consello Escolar do Instituto de Educación Secundaria.- A Aurora Varela Duro.
- Para o Consello Escolar do Conservatorio de Música de Grao Elemental e Grao Medio de Arzúa.- A Manuel Rodríguez Santos
- Para o Consello Escolar da Escola Infantil.- A Manuel Rodríguez Santos Varela Duro, ostentando a presidencia de dito consello escolar o alcalde.
- Para a Comisión de Patrimonio Histórico da Cidade e Camiño de Santiago.- Ao propio alcalde Don José Luis García López.

SEGUNDO.- Dar traslado dunha certificación desta resolución: tanto aos citados corporativos, como ao organismo no que terá a súa intervención o concelleiro a favor do cal se realizaron os nomeamentos indicados.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno desta resolución, para a súa constancia e o seu debido coñecemento.”



Indica a secretaria na lectura que para o Consello da Escola infantil e Manuel Rodríguez Santos (é necesario omitir Varela Duro).

Pregunta o Sr. Carril Ramos (do BNG) que cando se van a nomear os representantes para o consello da Radio, xa que no ano 2015 neste punto tamén se nomearan.

Responde a secretaria que se mandara un escrito para que cada grupo propoña os membros de cada grupo que integraran o Consello da Radio e levarase ao vindeiro Pleno. Os 13 concelleiros/as danse por enterados.

7.- DACION DE CONTA DECRETOS DO ALCALDE SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESIGNACIÓN DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓNS A FAVOR DE CONCELEIROS, CREACIÓN DE AREAS DE RELACION COAS DIFERENTES AREAS DE GOBERNO LOCAL.

A secretaria da lectura os seguintes decretos:

***DECRETO Nº 497 DE DATA 19/07/2019**

Descrición Decreto: NOMEAMENTO INTEGRANTES XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 26 de maio.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Corresponde á alcaldía o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.

Polo que no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.—Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/ás seguintes concelleiros/as:

1º D. Miguel Angel Vallo Camba



2º D^a. Begoña Balado Conde.
3º D^a. M.^a del Carmen Torreiro González
4º.-D. Manuel Rodríguez Santos

SEGUNDO.–Convocar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o día 29 de xullo de 2019, ás 10:00 horas, na Casa do Concello de Arzúa.

TERCEIRO.–Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

***DECRETO Nº 495 DE DATA 19/07/2019**

Descrición Decreto: NOMEAMENTO DAS TENENCIAS DA ALCALDÍA

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, por decreto do Alcalde desta mesma data corresponde ó Alcalde desinar libremente aos tenentes de alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local; visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.–Nomear tenentes de alcalde aos/ás seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

1. Primeiro.- D.. Miguel Angel Vallo Camba
2. Segundo.- D^a Begoña Balado Conde
3. Terceiro .- D^a. M.^a del Carmen Torreiro González
4. Cuarto.- D. Manuel Rodríguez Santos

SEGUNDO.–Corresponde aos nomeados, pola orde indicada, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.



TERCEIRO.—Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

***DECRETO Nº 496 DE DATA 19/07/2019**

Descrición Decreto: DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 26 de maio; visto decreto do Alcalde desta mesma data polo que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local e convocaselles a sesión constitutiva.

Visto o disposto nos artigos 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; artigos 43.1.e 2; 44; 52; 53; 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto que o artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que correspóndelle a Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

No uso das atribucións legalmente conferidas, consonte cos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 43.1, 44 e 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.—Delegar na Xunta de Goberno Local, de forma expresa mediante a presente resolución, as seguintes atribucións:

1. O outorgamento de toda clase de **licenzas** competencia da alcaldía, agás as de ocupación de dominio público e as de festas populares.
2. As contratacións de obras, subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Exclúese da citada delegación o acordo de incoación do correspondente expediente de contratación, a clasificación das proposicións presentadas e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao



que fai referencia 150 da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de contratos do Sector Público. Igualmente exclúese a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores.

3. A aprobación de facturas e certificacións correspondentes aos contratos de obras.

4. A celebración de contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

5. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

SEGUNDO.—A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre con posterioridade á mesma e será notificada á Xunta de Goberno Local, para os efectos previstos no 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

*DECRETO Nº 499 DE DATA 22/07/2019

Descrición Decreto: DELEGACIÓNS DO ALCALDE NOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO E CONCELLEIROS

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto o decreto do alcalde de data 22/07/2019 n.º 498/2019 polo que se crean áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime lcoal, concede o Alcalde. Tendo en conta que é responsabilidade do Alcalde a área de Presidencia Benestar Social e Urbanismo.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.— Efectuar a favor dos sres/as. concelleiros/as as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas e/ou materias que se relacionan:

1.- A Aurora Varela Duro delégaselle a área de **Área de Cultura, educación e participación veciñal**

2.- A Miguel Angel Vallo Camba delégaselle a área de **Medio natural Benestar animal**

consumo mocidade, transparencia e novas tecnoloxías.

3.- A Manuel Rodríguez Santos delégaselle a área de **zonas verdes , parroquias.**

4. A María del Carmen Fuentes Ríos delégaselle a área de **Facenda Contratación Turismo Deporte e Promoción económica**

SEGUNDO.- As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior , suxeitaráanse ao seguinte réxime xurídico:

1.- As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da alcaldía presidencia comprendidas dentro de estos servicios, a excepción das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do Concello, e abarcará a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, non **incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros nin a aprobación nin a ordeación pagos dentro dos límites sinalados no presente apartado.**

2.- O ámbito de actuación a que se refiren esta delegación será o correspondente a todo o término municipal.

3.- A alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidade aplicadas para outorgalas.

Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4.- Corresponderá á alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

TERCEIRO.- Conferir, de conformidade co disposto no artigo 43.4 e 5 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, as seguintes delegacións especiais a favor das concelleiras que a seguir se relacionan, ante a dificultade e necesidade de organización dos servizos de contratación administrativa polo volumen da área e pola eficacia e eficiencia en materia de contratación administrativa:

3.1.- Conferir a **delegación especial a Begoña Balado Conde para contratacións menores** de obras servizos e subministros (valor estimado a 40.000€ cando se trate de contratos de obras ou a 15.000€ cando se trate de contratos de servizos e subministros) con sinatura das correspondentes facturas en materia de turismo así como en alumeados públicos , limpeza viaria, accesos a núcleos e pavimentación , parques públicos e edificios públicos.

Conleva a planificación de obras subministros e servizos no marco da contratación menor de forma consensuada coa alcaldía e concelleira delegada da area sempre que se trate de contratacións menores non contempladas nos orzamentos, conleva a xestión para captación de fondos para ditos contratos ante outras administracións públicas, seguimento , supervisión e coordinación das obras servizos e subministros que teña competencia para contratar así como información e avaliación dos mesmos.

As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da alcaldía presidencia comprendidas dentro de estos servicios, a excepción das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do Concello, e **incluíndo a facultade de resolver mediante actos**

administrativos que afecten a terceiros pero non a aprobación de gastos nin a ordeación pagos dentro dos límites sinalados no presente apartado.

O ámbito de actuación a que se refiren esta delegación será o correspondente a todo o término municipal.

O exercicio das facultades por delegación debará facerse constar nas resolucións que se diten de conformidade co disposto no artigo 9.4 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

A alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidade aplicadas para outorgalas.

Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Corresponderá á alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

3.2.- Conferir a delegación especial a M^a del Carmen Torreiro González para todas as contratacións necesarias que non entren dentro do concepto de contratacións menores do apartado anterior.

Conleva a planificación de obras subministros e servizos no marco da contratación non menor de forma consensuada coa alcaldía e concelleira delegada da area sempre que se trate de contratacións non contempladas nos orzamentos, conleva a xestión para captación de fondos para ditos contratos ante outras administracións públicas, seguimento, supervisión e coordinación das obras servizos e subministros que teña competencia para contratar así como información e avaliación dos mesmos.

As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da alcaldía presidencia comprendidas dentro de estos servizos, a excepción das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do Concello, **non incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros nin a a aprobación de gastos nin a ordeación pagos dentro dos límites sinalados no presente apartado.**

O ámbito de actuación a que se refiren esta delegación será o correspondente a todo o término municipal.

A alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidade aplicadas para outorgalas.

Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Corresponderá á alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

Os/as concelleiros/as responsables directos das áreas correspondentes, terán a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais integrados na súas áreas respectivas

QUINTO.- A presente resolución será efectiva dende o día 1 de agosto de 2019 e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada aos/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso 'contrario ante o órgano delegante.



***DECRETO Nº 498 DE DATA 22/07/2019**

Descrición Decreto: CREACIÓN DE AREAS DE GOBERNO MUNICIPAIS

DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que as delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde presidente se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local. O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispón que as delegacións que pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estructure os servizos do Concello.

O Concello de Arzúa non regula no seu Regulamento orgánico áreas nas que se estruturará o goberno local, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipais atribuída ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 31.2 do ROF, corresponde á Alcaldía, crear as áreas nas que se estruturará o goberno local.

Por todo isto, no uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.—Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que corresponden cos correspondentes sectores de actividade:

1. Área de Cultura, e educación e participación veciñal;

No eido da Cultura e Educación correspóndelle a xestión das políticas municipais de cultura, educación : programación de actividades culturais de todo tipo, infraestruturas culturais, programas de educación complementaria. Promoción do uso da lingua , actividades culturais , concertos exposicións, festa do queixo colaboración cós centros educativos .

En materia de Participación Veciñal, correspóndelle a política de información ao cidadá, políticas municipais de participación cidadá , canalización de formas de participación cidadá, avaliación do sistema de satisfacción veciñal, atención as asociacións veciñais.

2. Área de e Medio natural Benestar animal consumo mocidade, transparencia e novas tecnoloxías.



No eido de Medio Ambiente, correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente: sensibilización e fomento da conciencia medioambiental, políticas transversais de sostibilidade ambiental, organización feira ecolóxida, elaboración de campañas sensibilización en materia de medio ambiente, da responsabilidade que supón ter mascotas.

Campañas para consumo responsable, redución de residuos, xestión oficina consumidor.

En mocidades xestión de actividades dirixidas a mocidade e relacións coas asociacións xuvenís existentes no Concello así como xestión local ensaio e telecentro.

No eido da Transparencia, correspóndelle a actualización dos datos contidos no Portal de Transparencia do Concello e da páxina web municipal.

No eido das novas tecnoloxías, correspóndelle a xestión das políticas municipais tendentes á súa implantación completa ás esixencias das novas leis de procedemento e achega aos veciños, as plataformas de tramitación electrónica, a sede electrónica municipal, impulso do uso da administración electrónica e implementación das TIC de xeito transversal.

3.- Area zonas verdes , parroquias:

Corresponde a esta area a xestión e mantemento das diferentes zonas verdes nas parroquias, locais sociais, avaliacións das necesidades existentes nas parroquias referidas a infraestruturas, actividades, lixo , abastecementos saneamento, .

4.- Area de Facenda Contratación Turismo Deporte e Promoción económica

En materia de Facenda, ocuparase esta área, en materia de gastos, da xestión presupostaria do concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financeira da Administración; en materia de ingresos, recursos económicos do concello, xestión tributaria e de recadacion, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e estadística .

En materia de Contratación ocúpase esta área da xestión de toda a contratación municipal destacando contratacións **en** mantemento e conservación de vías públicas e de suminitros relacionados e servizos relacionados cós servizos municipais obrigatorios do artigo 26d a Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime lcoal.

No eido das Infraestruturas e contratacións relacionadas ., correspóndelle a esta área o seguimento da execución dos diferentes plans de obras, xa sexan autonómicos ou provinciais, e dos plans de investimentos nas parroquias do Concello, incluída a mobilidade e seguridade viaria da rede municipal.

En materia de turismo todo a xestión relacionada con turismo e hostelería., Camiño Francés Camiño do Norte e Camiño Primitivo, ordenanzas relacionadas , campañas de promoción e oficina de turismo.

5. Área de Presidencia Benestar Social e urbanismo :

Correspóndelle a área de Presidencia a coordinación das diferentes áreas municipais.

En concreto intégranse na área de Presidencia, no eido de Persoal, as relacións cos representantes dos empregados públicos e a presidencia da Mesa xeral de negociación,



oferta de emprego público.

Correspóndelle a esta área a xestión de programas dos servizos sociais municipais, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, atención á terceira idade, axuda no fogar, muller, familia e igualdade, voluntariado e seguemento da Escola Infantil.

Esta área comprende, no eido do Urbanismo, a xestión urbanística; a execución de planeamento; expropiacións por razóns de urbanismo, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais, licenzas urbanísticas de todo tipo, comunicacións previas, licenzas para o exercizo de actividades e comunicacións previas de actividade, expedientes de disciplina urbanística, as competencias en materia de planeamento relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, incluída a súa redacción.

No eido de Réxime interior e Persoal, a xestión dos recursos humanos do Concello, os aspectos relativos á organización do Concello, métodos de traballo e instrucións correspondentes, agás as relacións cos representantes dos empregados públicos e Mesa xeral de negociación.

No eido da seguridade, correspóndelle a xestión da seguridade cidadá, protección civil e policía local

En materia de Patrimonio, correspóndelle a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal, patrimonio histórico, adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións urbanísticas.

Correspóndelle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.

SEGUNDO.–Corresponderá á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscripción a unha área determinada dunha concreta materia.

TERCEIRO.–A presente resolución será efectiva dende o 1 de agosto de 2019.

CUARTO.–Dar conta ao Pleno municipal desta Resolución, para o seu coñecemento

Os 12 concelleiros/as dánse por enterados.

8.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO A FAVOR DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A secretaria da lectura a proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día tal como segue:

“Delegacións competencias Pleno na Xunta de goberno



En relación coas atribucións que o Pleno pode delegar no alcalde ou na Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no Artigo 22 nº 4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

Esta Alcaldía propón o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.–Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter pluri-anual cando a súa duración sexa superior a catro anos, aventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada.
4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
5. A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmoables e deritos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros

SEGUNDO.–As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) O Concello Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro

TERCEIRO.–Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.”

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións dándolle a palabra a:



Lucia López Sobrado (do BNG) a cal indica:

- Que dende o grupo municipal do BNG non están de acordo coa delegación de competencias do Pleno a favor da Xunta de Goberno Local.
- Que consideran que a normativa vixente outorgalle aos plenos municipais unha serie de competencias que se deberían respectar, ese organismo é democraticamente electo, un órgano plural, un órgano de debate, e polo tanto consideran que non se debería baleirar de contido e solicita que se considere este proposta porque do contrario votarán en contra.

Intervén o alcalde para manifestar, que a única razón deste cambio con respecto a lexislaturas anteriores, é por axilidade, xa que dado como estaban repartidas as competencias en exercicios anteriores ás veces facía imposible ter unha capacidade de decisión rápida.

Sen mais intervencións, con 7 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de AxA e 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE), así como 4 abstencións (3 concelleiros/as do PP e 1 concelleiro de CxG) e con 2 votos en contra dos dous concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal ACORDOU:

PRIMEIRO.–Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter pluri-anual cando a súa duración sexa superior a catro anos, aventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada.
4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
5. A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmobles e deritos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros

SEGUNDO.–As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.



- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) O Concello Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro

TERCEIRO.—Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

9.- PROPOSTA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS

A secretaria da lectura a proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día, tal como segue:

PROPOSTA PLENO DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS

Previsto no número 4 do artigo 13 do Real Decreto 2.568/1.986 de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que “el Pleno corporativo -a proposta del presidente- determinará (dentro de la consignación global contenida a tal fin en el presupuesto) la relación de cargos de la Corporación que se desempeñarán en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución; así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad”. E

Tendo en conta o disposto no artigo 75 DA Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local .

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva dos cargos de: Alcalde do Concello de Arzúa e (rectifícase aquí a proposta asinada na que se indicaba que era a 1ª tenente de alcalde) concelleira delegada na área de facenda contratación deporte e Promoción económica .

SEGUNDO. Fixar como retribución bruta anual para o Alcalde 42.308€ brutos anuais cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para



as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos .Dar efectos retroactivos a dia retribución ata data de 15/06/2019 na que foi elixido Alcalde no Pleno municipal.

TERCEIRO. Fixar como retribución bruta anual para o cargo de 1º Tenente de Alcalde do Concello de Arzúa concelleira delegada na area de facenda contratación deporte e promoción económica a cantidade de 33.250€ brutos anuais - cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de agosto de 2019.

CUARTO. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta do Alcalde (tendo en conta a toma de posesión en data 15/06/2019) a, e da 1ª Tenente de Alcalde con efectos 1/8/2019, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servicio, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

QUINTO. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes, ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo a an cuarteo do presente acordo; e de se-lo caso realizar as correspondentes modificacións orzamentarias.

SEXTO. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións, dándolle a palabra a:

Emilio García Vázquez (de CXG) o cal indica, que é un despropósito administrativo un aumento dun 20% do gasto, de 63.000 euros a 99.000 euros, é un despilfarro total e mais para un concello como Arzúa con perda de poboación e cunha administración local que sube nun 56% as retribucións.

Xoan Xesús Carril Ramos (do BNG) indica:

- Que coinciden co que dixo o Sr. García Vázquez, porque non entende unha suba de 6.134 euros ao alcalde (17%), co cal lle queda un salario de 3.500 euros mensuais cas pagas extras prorrateadas, cando os salarios medios dos nosos veciños/as e dos traballadores do Concello, moi raras veces suben un 2,5%, e iso parecenos grave.
- Que a adicación exclusiva da concelleira que vai levar mais áreas, comparado coa lexislatura anterior sube un 21% (2.700 euros).
- Que a maiores por primeira vez neste Concello hai unha terceira adicación parcial

cun salario de 1.997 euros ao mes, sen competencias, proque vai levar unhas subdelegacións doutras concellerías é iso parécenos grave.

- Que pedimoslle a concelleira con adicación parcial que renuncie a cobrar as asistencias a comisións e plenos, as cales non cobran os concelleiros con adicación exclusiva, hai moitos concelleiros con adicación exclusiva que teñen un salario mais pequeno co desta concelleira.
 - Que non entende que concelleira M^a Carmen Fuentes Rios que ten mais competencias neste coporación, non estea na Xunta de Goberno Local e estea a 4^a tenente de alcalde, e pensan que a persoa con mais responsabilidade e mais traballo nesta lexislatura tería que estar na Xunta de Goberno Local e sobre todo levando un area como é Facenda.
 - Que parecenos que é unha forma de repartir cartos, porque esa concelleira non cobraría por asistencia a XGL, plenos e comisións e meten outro concelleiro que aínda que aporte menos vai cobrar a asistencia.
 - Que con respecto a lexislatura anterior hai unha suba 35.912 euros, que supón un 40% , incluíndo o persoal de confianza que é a única que se mantén no mesmo salario.
 - Que queren matizar que non se poñen os horarios deste persoal, salvo do persoal de confianza, e entenden que a veciñanza e demais grupos políticos da oposición deberían ter unha información do horario habitual, porque non se sabe cal vai ser o horario da concelleira do PSOE con adicación parcial.
- Que polos motivos expostos van votar en contra desta proposta.

Rafael Rivadulla Varela (do PP) manifesta:

- Que a opinión do seu grupo vai na mesma liña que a dos compañeiros de CXG e BNG, e se se xuntan as adicacións parciais e exclusivas hai un aumento considerable con respecto a anterior lexislatura, concretamente un 153% en gastos de persoal con algún tipo de adicación.

-Que o gasto é bastante elevado para este Concello, aínda que da un voto de confianza as concelleiras que empezan, pero parécelle un gasto desproporcionado.

O alcalde manifesta:

- Que as cifras manexanse como lles da a gana, e adiantáronse con respecto o punto seguinte, que aínda non se tratou.
- Que el vai cobrar cento e pico de euros mais, e certo que lle vai ser un pouco mais caro ao concello porque no IRPF ten un 20% debido a que é solteiro e non ten fillos.

- Que con este tema podese facer moita demagogia, e cre que non fixeron os deberes, andivo mirando por concellos nos que governa o BNG e PP e os soldos son superiores e incluso algún concello sen as dimensións de Arzúa cobran ven pouco menos ca nós. Hai alcaldes de concellos mais pequenos que cobran 40.000 euros brutos e el vai cobrar 42.308 euros, que está 5.000 euros por debaixo do que a lei lle permite cobrar que son 47.000 euros, durante 8 anos estivo cobrando un soldo que lle impuxeron de 1.800 euros, non se cobra so por traballo, senón por responsabilidade e a responsabilidade dun alcalde e bastante grande .

Na segunda rolda de intervencións volve a intervir:

O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:

- Que o Sr. alcalde non se da conta que esta en Arzúa, e notase que é de letras porque eles estan dando os datos que veñen na documentación do Pleno, e non inventan nada e pon que o alcalde pasa de cobrar 36.173 euros a 42.308 a diferenza son 6.134 euros ano, ainda que o alcalde dí que vai cobrar cento e pico euros mais, pero 6.134 euros dividido entre 12 meses da bastante mais.
- Que os datos son os que constan na documentación do Pleno, non estan inventando nada.

O alcalde indica:

-Que non dixo que estiveran inventando nada, dixo que o seu soldo actual son 2.040 euros e paso a cobrar 2.200 euros, cobra menos que o último alcalde do BNG que gobernou neste concello hai 8 anos.

- Que revisen a páxinas web dos alcaldes e veran o que cobran, o seu soldo real e o que indicou.

Sen mais intervencións, por 7 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa e 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE) así como con 6 votos en contra (3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros do BNG e 1 do concelleiro de Compromiso por Galicia, o Pleno municipal acordou:

PRIMEIRO. Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva dos cargos de: Alcalde do Concello de Arzúa e da concelleira delegada na area de facenda, contratación, deporte e Promoción económica .

SEGUNDO. Fixar como retribución bruta anual para o Alcalde 42.308€ brutos anuais cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais



de presupostos .Dar efectos retroactivos a dia retribución ata data de 15/06/2019 na que foi elixido Acalde no Pleno municipal.

TERCEIRO. Fixar como retribución bruta anual para o cargo de 1º Tenente de Alcalde do Concello de Arzúa concelleira delegada na area de facenda, contratación, deporte e promoción económica a cantidade de 33.250€ brutos anuais - cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de agosto de 2019.

CUARTO. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta do Alcalde (tendo en conta a toma de posesión en data 15/06/2019) a, e da 1ª Tenente de Alcalde con efectos 1/8/2019, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

QUINTO. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes, ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo a an cuarteo do presente acordo; e de se-lo caso realizar as correspondentes modificacións orzamentarias.

SEXTO. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

10.- PROPOSTA ADICACION PARCIAL

A secretaria da lectura da proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día, tal como segue:

Proposta pleno Dedicacións parciais

Visto o artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local polo presente propoño que ó Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de 2º Tenente de Alcalde , concelleira delegada con delegación específica de obras e servizos (contratacións menores relacionadas con obras e servizos) e turismo (contratacións menores relacionadas con turismo) (dentro da área de Facenda Contratación Deporte e Promoción económica,) cunha dedicación mínima de 28 horas semanais, no horario que fixe por acordo có Alcalde , ao que se lle dará publicidade, para unha máis completa atención ao público.



SEGUNDO.- Fixar como retribución bruta anual para dita concellería con delegación específica de obras e servizos (contratacións menores relacionadas con obras e servizos) e turismo (contratacións menores relacionadas con turismo) (dentro da área de Facenda Contratación Deporte e Promoción económica, cunha adicación de 28 horas semanais, a cantidade de 23.964€ brutos anuais - cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2019.

TERCEIRO .- Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta da concelleira con efectos do 1/8/2019, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

CUARTO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos cuarto a sexto do presente acordo; de ser o caso tramitar as correspondentes modificacións orzamentarias.

QUINTO.- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións, dándolle a palabra a:

Begoña Balado Conde (do PSdeG-PSOE) a cal indica:

- Que quere dicirle ao voceiro do BNG que non vai cobrar nin por asistencia a comisións informativas nin Pleno, como dito voceiro debería saber, porque está prohibido.
- Que considera que o concelleiro que se adique a un traballo de responsabilidade debe cobrar, sexa do partido que sexa, porque ten unha responsabilidade. O seu soldo non vai ser de 1.900 euros, xa que iso é o soldo bruto, é un soldo de 1.300 euros que é o que en realidade vai percibir.

Emilio García Vázquez (de CxG) que manifesta, que esta adicación parcial vaille supoñer as arcas municipais un gasto bastante elevado.

Xoan Xesús Carril Ramos (do BNG) o cal manifesta:

-Que ten razón o alcalde cando dí que hai xente que non fixo os deberes, hai que ler a documentación, e na proposta do alcalde de asistencias indemnizacións do punto 11 da



orde do día fai referencia ao “número 5 artigo 13 que so os membros da corporación que non teñan adicación exclusiva percibiran asistencias”, ou sexa que a concelleira que ten adicación parcial polo que se transcribe vai cobrar asistencias salvo que renuncie a elas.

-Que dan cifras do que van cobrar, e el foi e é un asalariado e sabe mais ou menos as deducións que fai hacienda, e os datos que estan nesta documentación son 23.250 euros que divididos entre 12 dan 1.997 euros non se inventan, son datos que están na documentación do pleno e a isto hai que engadir que para o concello estes custos son moi superiores, porque aquí só esta incluído o salario bruto que vai recibir esa persoa, despois os seus deberes con facenda dependera do seu poder adquisitivo... etc, polo que imos votar en contra.

(Aclara a secretaria que aínda co ROF no seu artigo 13.6 refírese só as adicación exclusivas, pola lei de bases de réxime local, os membros con adicación exclusiva ou parcial non cobran por asistencia como pon a proposta incluída na orde do día co punto numero 11 no apartado PRIMEIRO do acordo).

Rafael Rivadulla Varela (do PP) para expoñer:

- Que cando se fai referencia a importes, hai que ter en conta exclusivamente o custo para o concello que é o que realmente importa e non o que vai para distintos ministerios.
- Que a concelleira con adicación parcial vai realizar un traballo relacionado con contratos menores e vendo que hoxe en día non hai contratos publicados na páxina web, parece que non hai traballo, polo que a súa labor non estaría moi xustificada.

O Alcalde expón:

- Que explicou que o seu soldo bruto e debido as súas circunstancias persoais e o da concelleira con adicación parcial outro tanto.
- Na Deputación que goberna o PsdeG-PSOE en coalición co BNG, acabase de aprobar unha suba do 86% do gasto en soldos.
- Que ten a conciencia tranquila, porque dado o seu historial se lle pode acusar de moitas cousas menos de interesado polos cartos. Neste concello estiveronse aforrando 18.000 euros anuais durante 8 anos con respecto aos soldos do anterior alcalde e tenente de alcalde.
- Que non se pode acusar o alcalde nin aos membros do goberno, cando non se aproveitou unha maioría absoluta da lexislatura anterior para subir os soldos.
- Que hai xente que crea os argumentos dados pola oposición, pero un ten que estar tranquilo coa súa conciencia, e se hai algo do que estea tranquilo dende que



governa e con respecto o tema económico.

Sen mais intervencións, por 7 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa e 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE) así como con 6 votos en contra (3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos concelleiros do BNG e 1 do concelleiro de Compromiso por Galicia, o Pleno municipal acordou:

PRIMEIRO.- Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de 2º Tenente de Alcalde, concelleira delegada con delegación específica de obras e servizos (contratacións menores relacionadas con obras e servizos) e turismo (contratacións menores relacionadas con turismo) (dentro da área de Facenda Contratación Deporte e Promoción económica,) cunha dedicación mínima de 28 horas semanais, no horario que fixe por acordo có Alcalde, ao que se lle dará publicidade, para unha máis completa atención ao público.

SEGUNDO.- Fixar como retribución bruta anual para dita concellería con delegación específica de obras e servizos (contratacións menores relacionadas con obras e servizos) e turismo (contratacións menores relacionadas con turismo) (dentro da área de Facenda Contratación Deporte e Promoción económica, cunha adicación de 28 horas semanais, a cantidade de 23.964€ brutos anuais - cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2019.

TERCEIRO .- Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta da concelleira con efectos do 1/8/2019, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

CUARTO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos cuarto a sexto do presente acordo; de ser o caso tramitar as correspondentes modificacións orzamentarias.

QUINTO.- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

11.- PROPOSTA ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS

A secretaria da lectura a proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día, tal como segue:



Proposta Asistencias indemnizacións

Previsto no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

- No número 6 do seu artigo 13.- Que "sólo los miembros de la Corporación, que no tengan dedicación exclusiva, percibirán **asistencias** por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de que formen parte, en la cuantía que señale el Pleno de la misma".

- No número 5 do seu artigo 13.- Que "todos los miembros de la Corporación tendrán derecho a recibir **indemnizaciones**, por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido apruebe el Pleno corporativo"

Considerando que as previsións anteriores coinciden co disposto, respectivamente, nos números 4 e 5 do artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal.

O alcalde que subscribe considera procedente formular a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes s asignacións por concepto de **asistencias**, que se percibirán pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que se forme parte (agás os os membros da Corporación, as que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial) , ; :

a) 120 euros, por asistencia as sesións do Pleno.

b) 120 euros, por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local.

c) 100 euros, por asistencia ás sesións das Comisións Informativas, ás reunións dos Consellos Escolares e ás reunións doutros órganos colexiados.

Dar efectos retroactivos para pago destas asistencias a data de constitución desta Corporación 15/06/2019.

SEGUNDO.- Aprobar como **indemnizacións** (por gastos ocasionados no exercicio do cargo, que sexan efectivos e previa xustificación documental), se apliquen con carácter retroactivo dende a data de constitución desta Corporación Municipal, na seguinte forma:

a) Por gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos dispostos pola Corporación ou polo seu presidente.- Os previstos na factura ou documento acreditativo correspondente.

Mentres que se se utiliza vehículo propio.- Faranse efectivos a razón de 0,19 euros por quilómetro percorrido.

b) Por gastos orixinados noutros lugares do territorio nacional, que teñan o concepto de "dietas".- As mesmas contías previstas para o persoal incluído no Grupo 2 do Anexo II do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, (segundo a revisión efectuada pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos); que son as seguintes:

<u>Por aloxamento</u>	<u>Por manutención</u>	<u>Dieta enteira</u>
65,97 euros	37,40 euros	103,37 euros."

TERCEIRO- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Intervención e á Tesourería municipal.



CUARTO.- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións dándolle a palabra a:

Emilio García Vázquez (de CxG) o cal indica: Por que unha suba do 20%, é unha porcentaxe abismal que vai as arcas municipais.

Xoan Xesús Carril Ramos (do BNG) o cal indica:

- Que por asistencias ao Pleno propónse unha suba do 20%, a Xunta de Goberno Local unha suba do 50%, comisións unha suba do 25% e asistencias a consellos un 25%
- Que xa que se vai facer esa suba, a proposta do seu grupo é que a cantidade máxima por asistencias a todos os órganos colexiados sexa de 90 euros ou por debaixo desa cantidade, parcelles suficiente, xa que ese diñeiro destinase para preparación do traballo que se fai para asistir a un Pleno ou Comisións.

Rafael Rivadulla Varela (do PP) o cal expón, que as cifras por gastos de aloxamento, dietas...etc, non están actualizadas, porque o comparar estas cifras que veñen do ano 2005 están moi por debaixo do que se tiña que cobrar, o lóxico sería cobrar menos por salario e cobrar mais por indemnizacións.

O alcalde manifesta:

- Que a suba non é tanta como para facer un debate disto, a asistencia a Plenos na maioría dos concellos non está por debaixo de 150 euros.
- Que a asistencia a Xunta de Goberno Local subiuse tendo en conta que na Xunta de Goberno Local vai haber tres persoas que non van cobrar esta asignación, entón non vai haber mais gasto.
- Que os invita a que revisen o gasto que se fixo durante estes últimos anos en dietas por parte deste goberno, porque non pasaron nin gastos de locomoción nin de ningún outro tipo, incluso cando se utilizou o vehículo particular, que foi na gran maioría das ocasións, xa que só utiliza o vehículo do Concello cando hai que ir a deputación por cuestión de tempo e de aparcamento.

Interven na 2ª Rolda de intervencións:

Begoña Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para indicar :

- Que nos concellos limítrofes mas pequenos que Arzúa, as asignacións por



asistencia a Plenos son maiores.

- Que non vai cobrar nada por asistencia a Plenos e comisións.

Emilio García Vázquez para manifestar que no documento do pleno aparece unha suba do 20%.

Xoan Xesús Carril Ramos (do BNG) para manifestar:

- Que volve a levar a engano a concelleira con mais competencias e adicación exclusiva que non estea nos órganos de goberno, e o alcalde acaba de dicir que 3 persoas da Xunta de Goberno non van cobrar e preguntalle cales son, porque Miguel Angel Vallo Camba, M^a Carmen Torreiro Gonzalez e Manuel Rodríguez Santos cobraran e non cobrara Begoña Balado Conde, polo que non sabe se algún vai renunciar a cobrar as Xuntas e os Plenos.

O alcalde indica:

- Que foi unha equivocación porque despois de once puntos xa se lle cruzan os datos.
- Que hai un concello do BNG das dimensións do noso que os presidentes das comisións cobran 40 euros mais que o resto dos membros.
- Que poideron poñer mais cartos para os membros da Xunta de Goberno Local e deixar que os membros do pleno cobrando por debaixo, e non se fixo porque non o consideraron importante nin ético, a responsabilidade dun membro da Xunta de Goberno Local non é a mesma que a dun membro do resto da corporación municipal.
- Que pode nomear a xente que integra a Xunta de Goberno Local e a que non, e a concelleira que leva facenda pode quedar fóra, porque o peso non o leva ela, senón o alcalde ao asumir unha das concellerías mais importantes.

Sen mais intervencións, con 10 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE, e tres concelleiros/as do PP) e con 3 votos en contra (2 dos concelleiros/as do grupo municipal do BNG, 1 do concelleiro de Compromiso por Galicia), o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- *Aprobar as seguintes asignacións por concepto de **asistencias**, que se percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que se forme parte (agás os os membros da Corporación, as que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial) .*

- a)** 120 euros, por asistencia as sesións do Pleno.
- b)** 120 euros, por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local.
- c)** 100 euros, por asistencia ás sesións das Comisións Informativas, ás reunións dos



Concellos Escolares e ás reunións doutros órganos colexiados.

Dar efectos retroactivos para pago destas asistencias a data de constitución desta Corporación 15/06/2019.

SEGUNDO.- Aprobar como **indemnizacións** (por gastos ocasionados no exercicio do cargo, que sexan efectivos e previa xustificación documental), se apliquen con carácter retroactivo dende a data de constitución desta Corporación Municipal, na seguinte forma:

a) Por gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos dispostos pola Corporación ou polo seu presidente.- Os previstos na factura ou documento acreditativo correspondente.

Mentres que se se utiliza vehículo propio.- Faranse efectivos a razón de 0,19 euros por quilómetro percorrido.

b) Por gastos orixinados noutros lugares do territorio nacional, que teñan o concepto de "dietas".- As mesmas contías previstas para o persoal incluído no Grupo 2 do Anexo II do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, (segundo a revisión efectuada pola Resolución de 2 de decembro de 2005 da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos); que son as seguintes:

<u>Por aloxamento</u>	<u>Por manutención</u>	<u>Dieta enteira</u>
65,97 euros	37,40 euros	103,37 euros."

TERCEIRO- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Intervención e á Tesourería municipal.

CUARTO.- Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

12.- PROPOSTA ASIGNACIÓN DE DOTACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS REPRESENTADOS NA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A secretaria da lectura da proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día, tal como segue:

Asignacións a grupos municipais

Previsto no artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (segundo a redacción dada polo artigo 1º apartado 1 da Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local), que "el Pleno de la Corporación Municipal –con cargo a los presupuestos anuales- podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica, que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, y sin que



pueda destinarse: al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la Corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial”.

*O alcalde que subscribe considera procedente formular a seguinte **PROPOSTA**:*

PRIMEIRO.—Aprobar a asignación, a cada un dos grupos políticos municipais; GRUPO MIXTO, GRUPO POPULAR, GRUPO de ALTERNATIVA POR ARZUA e GRUPO BNG , dunha dotación económica trimestral cunha contía que é o resultado da suma de dous conceptos: Un concepto fixo de 220,00 € a cada grupo político municipal constituído. Un concepto variable de 50,00 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo grupo municipal. Estas asignacións percibiranse por mes vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ó vencemento.

SEGUNDO.—As asignacións recollidas no apartado anterior, non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Así mesmo cada grupo deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerá á disposición do Pleno da Corporación cando este órgano o solicite.

TERCEIRO.—Notificar o presente acordo a cada un dos grupos políticos deste Concello.

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións dándolle a palabra a:

Begoña Balado Conde (do PsdeG-PSOE) a cal manifesta, que esta moi de acordo coas dotacións, e que os únicos que saen perxudicados son o Sr. García Vázquez (de CxG) e ela, porque están integrados no grupo mixto e teñen os mesmos gastos e necesidades que ten o PP, o BNG ou AxA, pero a lei é así.

Emilio García Vázquez quere que se lle aclare se a dotación económica é trimestral.

Contesta a secretaria que é mensual.

Xoan Xesus Carril Ramos interven para manifestar:

- Que antes de facer a proposta do seu grupo vai responderlle o alcalde e vairo facer por primeira e última vez.
- Que o alcalde foi membro do BNG, cando a súa compañeira Lucia López Sobrado aínda non estaba no BNG, pero o Sr. alcalde debía er mais poder porque foi cabeza de lista e el o último da lista.
- Que lemballe que cando se aprobaron os salarios nas xuntanzas do BNG, o alcalde votou a favor deses salarios e el en contra.
- Que son concellerios do concello de Arzúa non doutros concellos que poden cobrar mais ou menos pero tamén hai concellos do BNG que cobran bastante menos.



- Que entende que as asignacións por asistencia apenas son para que os concelleiros realicen o traballo que lle corresponde, estudar e mirar a documentación.
- Que entende que asignación os grupos, debe ir incluído os gastos do grupo como aluguer de local, publicidade, aplicacións informáticas, etc. E propón unha asignación por grupo de 300 euros e 10 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo grupo municipal.
- Que na contabilidade que se presenta con esta documentación o grupo de AxA pasaría de cobrar no 2015, 270 euros por grupo e aportación os concelleiros, a 520 euros, dobraría a asignación a pesar de ter un concelleiro menos.

Intervén o alcalde para indicar:

- Que a estas alturas no primeiro pleno de organización vai pasar por alto que se estea comparando o seu soldo cos anteriores, segue decindo que se cobra por responsabilidade e parécelle un soldo xusto; nese sentido non se lle pode tratar de aproveitado cando se estiveron aforrando 18.000 euros a este concello en 8 anos mais ou menos.
- Que o motivo desta suba, é facilitar ao grupo mixto para que teñan un local, xa que o concello non pode e non ten espazos para deixar aos distintos grupos políticos, de ahí que se fagan estas asignacións; os alugueres dos pisos en Arzúa están como están e é difícil atopar un local, senón que me corrixan os concelleiros do PP e PSdeG-PSOE, porque non hai outra razón, eses cartos hainos que xustificar e non significa que os estean levando os concelleiros.

Sen mais intervencións, con 11 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE, 3 dos concelleiros/as do PP e 1 do concelleiros de Compromiso por Galicia) e 2 votos en contra dos dous concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal
ACORDOU:

PRIMEIRO.–Aprobar a asignación, a cada un dos grupos políticos municipais; GRUPO MIXTO, GRUPO POPULAR, GRUPO de ALTERNATIVA POR ARZUA e GRUPO BNG, dunha dotación económica trimestral cunha contía que é o resultado da suma de dous conceptos: Un concepto fixo de 220,00 € a cada grupo político municipal constituído. Un concepto variable de 50,00 € por cada concelleiro/a integrante do respectivo grupo municipal. Estas asignacións percibiranse por mes vencidos, na primeira quincena do mes seguinte ó vencemento.



SEGUNDO.—As asignacións recollidas no apartado anterior, non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Así mesmo cada grupo deberá levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerá á disposición do Pleno da Corporación cando este órgano o solicite.

TERCEIRO.—Notificar o presente acordo a cada un dos grupos políticos deste Concello.

13.- PROPOSTA PERSOAL EVENTUAL

A secretaria da lectura a proposta do Alcalde relacionada con este punto da orde do día, tal como segue:

Proposta acordo pleno persoal eventual

Tendo en conta que a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece:

- *No seu artigo 104 nº 1.- Que “o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno da Corporación, ao comezo do seu mandato; e tales determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais”.*

- *No seu artigo 104 bis.- Que “as dotacións de postos de traballo, cuxa cobertura corresponde ao persoal eventual, deberá axustarse aos seguintes límites:*

- b) Os Concellos de municipios con poboación superior a 5.000, e ou superior a 10.00 habitantes, poderán incluír nas súas plantillas postos de traballo de persoal eventual, por un número que non poderá exceder de un”.*

- *No mesmo artigo 104 bis nº 4.- Que “o persoal eventual terá que asinarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla apareza consignado”.*

Considerando que o artigo 12 do Real Decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se paraba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público .

Resultando que este alcalde necesita dispoñer dun/dunha secretario/a para realizar as seguintes funcións:

- a) Xestión da axenda do alcalde.*
- b) Apoio administrativo á Alcaldía.*
- c) Atención directa ao cidadán en moitos dos asuntos relacionados coa Alcaldía.*
- d) Asesoramento aos medios de comunicación.*
- e) Intervención en actos protocolarios, institucionais e outros.*
- f) Calquera outra función que poida considerarse propia deste posto de traballo.*

Resultando que no orzamento municipal do presente exercicio económico quedaban previstas as consignacións necesarias para atender ao nomeamento dunha persoa como funcionario de emprego, para desempeñar o posto de traballo de confianza do alcalde, como secretaria da Alcaldía.

Resultando que este posto de traballo está incluído no cadro de persoal con ocasión da aprobación do orzamento .

Este alcalde formula a seguinte **PROPOSTA** ao Pleno do Concello:

PRIMEIRO.-Que o posto de traballo de secretaria da Alcaldía, que figura dentro do persoal eventual, no cadro de persoal ao servizo desta Entidade Local, se manteña durante o tempo que dure o mandato deste alcalde, ao que deberá prestar as funcións de confianza ou asesoramento que quedaron indicadas, coa retribución equivalente a un funcionario administrativo da clase C1, con nivel de complemento de destino 22 e complemento específico mensual de 770,50€ brutos en 14 pagas .

O que supón unha retribución bruta mensual de 1.721,22 euros, máis dúas pagas extras anuais por un importe bruto equivalente: o importe de 622,30 euros do soldo base mensual, mais o importe mensual establecido polo complemento de destino e polo complemento específico.

Estas retribucións estarán suxeitas ás variacións que se produzan cada ano, de acordo coa lexislación vixente que regule as variacións das retribucións dos funcionarios municipais, correspondentes ao grupo de asimilación no que o Ministerio de Administracións Públicas clasifique as súas funcións

Aprobar as características e retribucións do posto de traballo de secretaria da Alcaldía, que quedaron indicadas para surtir efectos a partir da data en que se dicte e notifique a resolución do alcalde designando á persoa que prestará as funcións que quedaron detalladas de confianza ou asesoramento, durante o tempo que dure o mandato deste alcalde.

SEGUNDO.-

Que as anteriores retribucións experimenten a mesma variación anual que a prevista para as retribucións do persoal ao servizo do sector público, en cada unhas das sucesivas leis de presupostos xerais do Estado que se publiquen para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

TERCEIRO.-

Que se fixe como xornada laboral, para o traballador/a que resulte nomeado por este alcalde, a mesma xornada que teña establecida o persoal que preste servizos nas oficinas municipais.

Polo alcalde apertúrase a primeira rolda de intervencións, dándolle a palabra a:

Xoan Xesús Carril Ramos (do BNG) o cal manifesta:

- Que na documentación que lle foi entregada a retribución bruta que consta para este persoal era de 1.721 euros e non sabe se está ben ou mal; pensa que pode estar errado porque é o único posto que se mantén co salario de hai 4 anos.
- Que van votar en contra, porque con 3 adicacións parécelle que debería ser suficiente neste concello.
- Que nesta proposta si que ven estipulado o horario, antes preguntou o horario dos demais membros con adicacións e non se lle contestou.

Rafael Rivadulla Varela (do PP) o cal indica:

- Que na documentación entregada para este pleno sobre este tema no segundo punto falaba dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019.



- Que nas funcións que vai realizar dito persoal no apartado e) Intervención en actos protocolarios, institucionais e outros, non sabe a que se refiere esta función.

Intervén o alcalde para explicar:

- Que o horario do alcalde é bastante difícil de poñer, porque ten que estar operativo a todas horas, aínda que iso non significa que non teña que ter vida para atender a familia.
- Que o horario da concelleira con adicación exclusiva será polas mañás e polas tardes cando sexa necesario, igual que a da anterior tenente de alcalde.
- Que o horario da concelleira con adicación parcial vai quedar estipulado porque é un 75% das 37 horas e media, e terá que decidir os días e horas que estará no concello.
- Que con respecto as funcións de intervención en actos protocolarios, tratase mais ben de organización que foi o que estivo facendo estes últimos anos durante a Festa do Queixo, organizar o protocolo todo ou con algunha asociación que ven de fora ou visitas e outro tema, non significa que ela vaia intervir.

Intervén a interventora, a cal da as cantidades correctas que vai cobrar este persoal que serían as seguintes: 2.079,01 euros, retribución bruta mensual, o soldo desta retribución sería 766,06 euros, o complemento específico é de 770,50 euros e o complemento de destino 542,45 euros correspondente o nivel 22 .

Sen mais intervencións, con 7 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa e 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE), así como 6 votos en contra (3 dos concelleiros/as do PP, 2 dos dous concelleiros do BNG e 1 do concelleiro de Compromiso por Galicia), o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Que o posto de traballo de secretaria da Alcaldía, que figura dentro do persoal eventual, no cadro de persoal ao servizo desta Entidade Local, se manteña durante o tempo que dure o mandato deste alcalde, ao que deberá prestar as funcións de confianza ou asesoramento que quedaron indicadas, coa retribución equivalente a un funcionario administrativo da clase C1, con nivel de complemento de destino 22 e complemento específico mensual de 770,50€ brutos en 14 pagas .

O que supón unha retribución bruta mensual de 2.079,01 euros, máis dúas pagas extras anuais por un importe bruto equivalente: o importe de 662,10 euros do soldo mensual, mais o importe mensual establecido polo complemento de destino 542,45 euros mes e polo complemento específico.

Estas retribucións estarán suxeitas ás variacións que se produzan cada ano, de



acordo coa lexislación vixente que regule as variacións das retribucións dos funcionarios municipais, correspondentes ao grupo de asimilación no que o Ministerio de Administracións Públicas clasifique as súas función

Aprobar as características e retribucións do posto de traballo de secretaria da Alcaldía, que quedaron indicadas para surtir efectos a partir da data en que se dicte e notifique a resolución do alcalde designando á persoa que prestará as funcións que quedaron detalladas de confianza ou asesoramento, durante o tempo que dure o mandato deste alcalde.

SEGUNDO.-

Que as anteriores retribucións experimenten a mesma variación anual que a prevista para as retribucións do persoal ao servizo do sector público, en cada unha das sucesivas leis de presupostos xerais do Estado que se publiquen para os anos 2019, 2020, 2021 e 2022.

TERCEIRO.-

Que se fixe como xornada laboral, para o traballador/a que resulte nomeado por este alcalde, a mesma ornada que teña establecida o persoal que preste servizos nas oficinas municipais.

14.- PROPOSTA DELEGACION COMPETENCIAS NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA.

A secretaria da lectura a proposta do alcalde relacionada con este punto da orde do día tal como segue:

PROPOSTA DE DELEGACION DE COMPETENCIA NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PUBLICA.

Visto o Convenio tipo para asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou prazas de viantes municipais.

Vista a falta de medios para asumir con eficacia e eficiencia ditos procesos selectivos. Tendo en conta que no convocado en relación coa Oferta de emprego público de 2016 (bases que foron publicadas no BOP 26/03/2019) polo número de instancias presentadas, conlevaría unha parálise no funcionamento ordinario do Concello para levar a cabo dita selección.

Vista a acta de mesa xeral de negociación de data 3/07/2019, na que os representantes do traballadores amosan a súa conformidade na delegación de competencias no marco de dito convenio na Academia de Seguridade Pública, así como no desestimento de oficio do procedemento selectivo de axente de policía local.

Informado pola Secretaría do procedemento e maioría necesaria para a realización de dita delegación de competencias e posterior sinatura do Convenio con AGASP.



Solicito que se acepte a urxencia deste asunto sen ditaminar (sendo urxente e necesaria cobertura de vacacións no servizo de policía local, así como a selección de axente de policía local (OEP 2016).

(O PLENO ACEPTOU DITA URXENCIA CON 10 VOTOS A FAVOR DE TODOS OS CONCELLEIROS/AS, SALVO OS 3 DO GRUPO MUNICIPAL DO PP QUE SE ABSTIVERON NA VOTACIÓN).

Proponse que o Pleno municipal adopte o seguinte ACORDO en aplicación do previsto no artigo 22.1 n) e 47.2H) da Lei 7/1985 de 2 de abril do réxime local:

PRIMEIRO.- Delegar na Administración Xeral da CCAA de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixiantes municipais polo tempo de vixencia indicado no Convenio que consta no expediente e nos termos sinalados no texto de dito convenio asumindo as obrigas sinaladas na cláusula quinta do mesmo.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida a AGASP os efectos oportunos, así como procedase a ditar decreto de desestimento en relación co proceso selectivo de axente de policía local cuxas bases foron publicadas no BOP de 26/03/2019, para que sexa en virtude desa delegación de competencias a AGASP a que seleccione dito axente.

TERCEIRO.- Autorizar ao alcalde para a sinatura do convenio, así como para calquera acto necesario en relación a execución efectos deste acordo.

Polo alcalde aperturase a primeira rolda de intervencións dándolle a palabra a:

Lucia López Sobrado a cal indica:

- Que é sabido por todos o problema que ten Arzúa e que arrastra dende hai anos en relación con esta cuestión, e van votar favorablmente este punto.
- Que queren deixar constancia de que está proposta chega demasiado tarde e podíase votar man desta solución hai tempo e resolver o problema que temos a día de hoxe.

Intervén o alcalde para manifestar:

- Que nos primeiros anos da crise había que ter 10 xubilacións para poder cubrir unha praza, despois pasouse de 5 a 1 e de 3 a 1 e agora estamos 1 xubilacion unha praza.
- Que houbo que sacar a oferta de emprego público no seu momento e traballouse coas bases, houbo unha critica do partido popular por unha praza de Tecnico de



Administración Xeral que dicían que era un posto innecesario, o BNG está criticando os retrasos que está habendo con algunhas contratacións, é certo, neste concello non é que sobre persoal, como en calquera empresa cando falta unha persoa, que neste momento está de baixa, en temas de contratación o departamento de secretaría sobrecargase.

- Trátase de facultar a Academia Galega de Seguridade Pública para que saque ese proceso de selección. Como as bases fixeranse antes de que a Xunta sacara o convenio, decidimos seguir pola nosa conta, pero non contabamos con tantas solicitudes, xa que houbo 70 solicitudes.

Sen mais intervencións por unanimidade, con 13 votos a favor (6 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa, 1 voto da concelleira do PsdeG-PSOE, 3 concelleiros /as do PP, 1 do concelleiro de Compromiso por Galicia e 2 dos dous concelleiros/as do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Delegar na Administración Xeral da CCAA de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixiantes municipais polo tempo de vixencia indicado no Convenio que consta no expediente e nos termos sinalados no texto de dito convenio asumindo as obrigas sinaladas na cláusula quinta do mesmo.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida a AGASP os efectos oportunos, así como procédase a ditar decreto de desestamento en relación co proceso selectivo de axente de policía local cuxas bases foron publicadas no BOP de 26/03/2019, para que sexa en virtude desa delegación de competencias a AGASP a que seleccione dito axente.

TERCEIRO.- Autorizar ao alcalde para a sinatura do convenio, así como para calquera acto necesario en relación a execución efectos deste acordo.

Ás **12:03** horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, mércores 24 de xullo de 2019

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---